

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 16.05.2018 Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 16 de maio de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Proposicións non de lei

- 1 350 (10/PNC-000018)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva e 11 máis
Sobre a recuperación polo Goberno galego da xestión e explotación pública directa, de xeito íntegro, do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 03.11.2016

- 2 13503 (10/PNC-001263)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para garantir un servizo sanitario permanente en Cuntis
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 166, do 31.08.2017

- 3 28926 (10/PNC-002287)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre o cumprimento polo Goberno galego do compromiso electoral referido á demanda ao Goberno central da rebaixa do IVE dos alimentos sen glute para as persoas celíacas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 289, do 11.04.2018

- 4 29364 (10/PNC-002332)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre a garantía pola Xunta de Galicia do acceso ao servizo de seguimento postadopción nas xefaturas territoriais da Consellería de Política Social para todas as familias galegas que adoptaron menores a través da adopción internacional
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 296, do 25.04.2018

- 5 29675 (10/PNC-002368)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a actuación que se debe levar a cabo para recuperar os acordos de mellora das condicións laborais e salariais do persoal do Sergas suspendidos desde o ano 2010

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 296, do 25.04.2018

- 6 29909 (10/PNC-002393)
 Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
 Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
 Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación
 coa atención prestada ás persoas con infarto agudo de miocardio e, de xeito
 específico, na extinta área sanitaria do Salnés
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 299, do 03.05.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2018

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 16.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 16.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 350(10/PNC-000018)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva e 11 máis

Sobre a recuperación polo Goberno galego da xestión e explotación pública directa, de xeito íntegro, do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo

Publicación da iniciativa, 6, 03.11.2016

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a través do seu voceiro, Luís Villares Naveira, e por iniciativa das súas deputadas e deputados Eva Solla Fernández, Manuel Lago Peñas, Carmen Santos Queiruga, Antón Sánchez García, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Paula Vázquez Verao, Francisco Casal Vidal, Magdalena Barahona Martín, Juan José Merlo Lorenzo e Luca Chao Pérez, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, en Comisión, relativa ao Hospital Álvaro Cunqueiro:**

Resulta coñecida a circunstancia que amosa que a utilización de fórmulas de colaboración público-privadas, para a posta en marcha de centros hospitalarios, resulta máis custosa e deixa aos centros en mans da xestión privada.

A pesares das múltiples evidencias neste senso, o Goberno Feijóo decidiu que esa sería a fórmula para a construción e xestión para o Novo Hospital de Vigo. Fíxoo, en grande medida, con dúas finalidades: unha, avanzar na privatización paulatina da sanidade, abrindo o negocio ás grandes empresas; e dúas, porque grazas aos principios de *Maastrich* e aos criterios do *Eurostat* o endebedamento dunha colaboración público-privada non computaba coma débeda pública. Feito que permitía ao Goberno Popular maquillar as contas do déficit cumprindo coas esixencias da Europa neoliberal.

Case dende o inicio, o proxecto estrela do presidente Feijóo atopouse coa realidade, cuns evidentes problemas económicos nalgunhas das empresas



compoñentes da UTE, feito que decantaría na modificación do conglomerado empresarial. As dificultades do sistema financeiro, quebras e rescates mediante, traducíronse na imposibilidade para a UTE de acadar a financiación. Situación que significou a parálise durante un ano das obras e a asunción da búsqueda de financiamento por parte da Xunta, incumprindo os pregos de condicións e características do contrato, así coma os prazos de entrega.

Incúmprese, ademais, o principio do modelo PFI que establecía que a financiación debería ser a risco e ventura da UTE, sendo a Consellería a que asumiu un risco impropio.

O modelo PFI tradúcese nunha ineficiente xestión privada do mantemento, provisión enerxética e servizos do centro, pero tamén nun pago anual dun canon que implica que o hospital, polo de agora, non é propiedade real da Consellería. Un canon que supón unha porcentaxe elevada do orzamento sanitario anual, comprometendo o resto de necesidades de investimento público da Consellería de Sanidade.

As consecuencias foron moi negativas dende o comezo: privatización de cociña, lavandaría e mantemento, coa parella mobilidade forzosa de persoal fixo, reconvertidos moitos e moitas de eles e elas en persoal celador. Ao tempo que, incomprendiblemente, a plantilla de celadores e celadoras sufría o recorte das súas atribucións profesionais ao privatizarse parte do seu traballo mediante a figura dos TIGA ou "transporte interno e xestión auxiliar". Afortunadamente, a loita política, sindical e social conseguiu reverter aquela incipiente privatización.

É posible que as deficiencias máis graves se identifiquen na ausencia de servizo de laboratorio central (salvo para as urxencias) e de servizo de esterilización. Viaxando tanto as mostras coma o instrumental nun transporte, por suposto, privado, subcontratado e polo que todas e todos pagamos en troques de ter un hospital íntegro.



A *coroa* púxo a un traslado feito ás presas, de xeito desorganizado e mal xestionado, cando aínda non remataran obras no hospital. Feito que se complementou con múltiples deficiencias denunciadas durante o primeiro ano do centro.

Durante os últimos anos, sindicatos, colectivos sociais e organizacións políticas teñen reclamado a reversión da concesión para poder recuperar a xestión pública do centro, rematando así cun despropósito que nunca tivo que terse iniciado.

Os incumprimentos dos plegos de condicións e dos criterios de risco económico teñen motivado unha denuncia da AGDSP en instancias europeas.

No Parlamento de Galicia, pola súa banda, foron propostas diversas fórmulas para devoltar o centro ao público, tanto a rescisión do contrato motivada polos incumprimentos, coma a compra da Sociedade Concesionaria. Mais o grupo maioritario e o Goberno continúan a facer ouvidos xordos.

Esta inhibición de responsabilidades non debe obviar que a oportunidade de poñer fin a esta situación inxusta, socialmente negativa e gravosa para as arcas públicas segue sendo unha necesidade. Unha necesidade para permitir iniciar a recuperación do que nunca debiera ter saído das mans públicas. Unha oportunidade para iniciar a recuperación da nosa Sanidade Pública.

Por todos estes feitos, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte

Proposición Non de Lei:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2016 13:31
Nº Rexistro: 350
Data envío: 21/10/2016 13:31:50.487



O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a devoltar o Hospital Álvaro Cunqueiro, a súa xestión e explotación de servizos á xestión directa, integramente pública, mediante as vías administrativas, económicas e legais ao alcance da propia Xunta de Galicia.

Compostela, 21 de Outubro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 21/10/2016 12:11:01

Luis Villares Naveira na data 21/10/2016 12:11:28

Marcos Cal Ogando na data 21/10/2016 12:11:38

Paula Vázquez Verao na data 21/10/2016 12:11:49

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 21/10/2016 12:11:54

Juan José Merlo Lorenzo na data 21/10/2016 12:11:59

Carmen Santos Queiruga na data 21/10/2016 12:12:14

Antón Sánchez García na data 21/10/2016 12:12:34

Luca Chao Pérez na data 21/10/2016 12:12:43

Paula Quinteiro Araújo na data 21/10/2016 12:12:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2016 13:31
Nº Rexistro: 350
Data envío: 21/10/2016 13:31:50.487



Magdalena Barahona Martín na data 21/10/2016 12:13:01

José Manuel Lago Peñas na data 21/10/2016 12:13:08

Francisco Casal Vidal na data 21/10/2016 12:13:15

David Rodríguez Estévez na data 21/10/2016 12:13:26

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 16.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 13503(10/PNC-001263)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para garantir un servizo sanitario permanente en Cuntis

Publicación da iniciativa, 166, 31.08.2017

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

A redución de servizos sanitarios no verán foi obxecto de debate parlamentario a instancias de iniciativas do Grupo Parlamentario Socialista nas pasadas semanas. Esta redución, realizada sen información obxectiva contrastada que puidera ser comprobada, segundo se desprende da negativa do parlamentario popular e da Xunta de Galicia a facilitar calquera estudo ou informe que a avale, afecta de maneira relevante á perda de atención e de calidade asistencial para os galegos e galegas quen, partindo dun sistema xa debilitado pola súa falta de persoal notoria, ven como no verán os seus servizos perden persoal que non se repón incluso nas cuestións máis básicas.

Estas problemáticas afectan de maneira especial ao eido rural, onde o mantemento dos servizos sanitarios está xa en dúbida constante pola tendencia do Sergas e da consellería a minorar a implicación no seu funcionamento, coa non substitución de médicos de familia e a progresiva tendencia a agrupar poboacións na atención dende os centros de saúde.

O municipio de Cuntis está a sufrir a coincidencia destas dúas eivas na xestión dos servizos sanitarios, chegando a darse a situación de que o centro de saúde non tivo facultativo que atenderá o servizo ao inicio deste mesmo luns 31 de xullo. O goberno municipal, para constatar este abandono por parte do Sergas fixo comprobar á Policía Local a ausencia de cobertura para todos os veciños e veciñas, froito das dificultades que a Consellería de Sanidade pon para cubrir vacacións e baixas dos profesionais nos centros de saúde.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2017 13:08
Nº Rexistro: 13503
Data envío: 02/08/2017 13:08:38.769



Grupo Parlamentario

A veciñanza de Cuntis, a través do seu Goberno local, reclama a necesidade de que o se substitúa de maneira efectiva ao persoal e non volver a estar sen atención sanitaria.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que garanta o servizo sanitario de maneira permanente no concello de Cuntis, substituíndo ao persoal que se atope de baixa ou en vacacións de maneira inmediata e con eficacia, para non deixar á poboación sen atención sanitaria.

Pazo do Parlamento, 2 de agosto de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 02/08/2017 11:47:16

Noela Blanco Rodríguez na data 02/08/2017 11:47:21

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/08/2017 11:47:26

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 16.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 28926(10/PNC-002287)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o cumprimento polo Goberno galego do compromiso electoral referido á demanda ao Goberno central da rebaixa do IVE dos alimentos sen glute para as persoas celíacas

Publicación da iniciativa, 289, 11.04.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2018 18:00
Nº Rexistro: 28926
Data envío: 05/04/2018 18:00:59.160

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa as accións realizadas polo Goberno galego para rebaixar o prezo dos alimentos para persoas celíacas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o informe sobre o prezo dos alimentos para celíacos do ano 2017, elaborado pola FACE (Federación de Asociacións de Celíacos do Estado), na que se integra ACEGA (Asociación de Celíacos de Galiza), a diferenza de prezos na compra anual só de produtos básicos para unha persoa celíaca é de 1.040 €.

Na precampaña electoral das eleccións ao Parlamento Galego celebradas no ano 2016, en concreto o 30 de agosto de 2016 en Ferrol, o presidente Feixóo anunciou que lle pediría ao Goberno Central unha rebaixa no IVE para os alimentos sen glute.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2018 18:00
Nº Rexistro: 28926

Data envío: 05/04/2018 18:00:59.160

Por este motivo, e pasado máis dun ano desa promesa electoral, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a cumprir a promesa electoral realizada polo Presidente do Goberno galego, na campaña das eleccións ao Parlamento Galego celebradas no ano 2026, e polo tanto esixirlle ao Goberno español a rebaixa do IVE para os alimentos sen glute para as persoas celíacas.”

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2018 18:00
Nº Rexistro: 28926
Data envío: 05/04/2018 18:00:59.160

María Montserrat Prado Cores na data 05/04/2018 17:59:54

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/04/2018 18:00:02

Olalla Rodil Fernández na data 05/04/2018 18:00:03

Noa Presas Bergantiños na data 05/04/2018 18:00:04

Xosé Luis Bará Torres na data 05/04/2018 18:00:06

Ana Pontón Mondelo na data 05/04/2018 18:00:14

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 16.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 29364(10/PNC-002332)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a garantía pola Xunta de Galicia do acceso ao servizo de seguimento postadopción nas xefaturas territoriais da Consellería de Política Social para todas as familias galegas que adoptaron menores a través da adopción internacional

Publicación da iniciativa, 296, 25.04.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a través da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e do seu deputado e voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento desta Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Convención sobre os Dereitos do Neno das Nacións Unidas de 1989, foi aprobada e ratificada polo Estado español o 30 de novembro de 1999, pola cal se reconece o dereito a todo neno ou nena a medrar nunha familia, e na que se determina que, nos sistemas de adopción se coidará que o interese supremo do ou da menor sexan a consideración primordial.

Para garantir que os procesos de adopción internacional se leven a cabo respectando os dereitos fundamentais da infancia, e para prever a súa substracción, venda ou tráfico, en 1993 aprobouse o Convenio da Haia, que regula o sistema de cooperación internacional, ratificado polo Estado español en 1995. Ademais, a Lei 54/2007, de adopción internacional, establece as funcións das administracións públicas en materia de adopción internacional e as dos organismos colaboradores nesta materia, así como a necesidade de que as persoas que se ofrecen para a adopción sexan declaradas idóneas pola entidade pública competente.



O artigo 5 da citada lei, establece que, en materia de adopción internacional, corresponden ás Entidades Públicas os seguintes cometidos en materia de seguimento post-adoptivo:

“h) Realizar os informes dos seguimentos requiridos polo país de orixe do menor, que poderá encomendarse aos organismos acreditados ou a outras entidades autorizadas.

i) Establecer recursos cualificados de apoio postadoptivo e de mediación para a procura de orixes, para a adecuada atención de adoptados e adoptantes, que poderán encomendarse a organismos acreditados ou a entidades autorizadas.”

As persoas que adoptaron crianzas a través da adopción internacional comprométese a someterse aos seguimentos post-adoptivos que estableza o país de orixe da crianza adoptada e facilitar, coa periodicidade prevista (que depende de cada país) a información, documentación e entrevistas que se precisen para emitir os informes de seguimento.

Nos casos de que a adopción se tramitase a través de Organismos Acreditados de Adopción, as persoas adoptantes concertarán coa mesma entidade a realización dos informes de seguimento. Se non optan por esta vía, serán, na Comunidade Autónoma de Galicia, como Autoridade Central, en virtude do Convenio da Haia, os equipos técnicos da correspondente xefatura territorial da Consellería de Política Social os que se encarguen de realizalos.

Hai que ter en conta que o incumprimento dos compromisos en canto á remisión dos informes de seguimento pode levar ao país de orixe a rexeitar novos ofrecementos para adopción procedentes de España, polo que é moi importante



que os adoptantes asuman e cumpran dita obriga. Por outra parte, o incumprimento das obrigas postadoptivas pode dar lugar á correspondente sanción de acordo coa normativa de referencia.

As familias galegas que teñen crianzas adoptadas a través de Addis Galicia teñen que facer os seguimentos post-adopción nesta entidade, malia que dita entidade está sendo investigada por fraude e estafa, logo de quebrar e deixar a numerosas familias con adopcións en trámite co proceso suspendido e sen os cartos achegados, co conseguinte enorme custo emocional e económico.

A actuación de Addis Galicia non ofrece garantías ás familias de que os trámites do seguimento de post-adopción sexan realizados correctamente. Ademais, Addis só ten oficina en Vigo, co conseguinte gastos de desprazamento das persoas que viven lonxe de dita cidade, tendo en conta, ademais, que os prezos dos trámites postadoptivos nas ECAIS son máis caros que realizalo a través da Administración pública.

Na práctica, para as familias que teñen crianzas adoptadas a través de Addis Galicia nos anos pasados, non se está permitindo que as familias adoptantes fagan o seguimento post adopción cos equipos técnicos das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social, sendo a realización dos informes dos seguimentos postadoptivos un cometido das Administracións Públicas, que poderán encomendarse a organismos ou entidades autorizadas, pero que deben ser garantidos pola Administración pública, segundo a Lei 54/2007.

A Comisión 5ª do Parlamento de Galicia acordou, por unanimidade, o 11 de maio de 2017 o seguinte texto: “O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a manter un servizo público de seguimento post-adopción, a través da Consellería de Política Social, para as familias galegas con nenos e nenas de adopción”.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29364
Data envío: 12/04/2018 20:11:01.485



Ter a disposición para todas as familias, tanto adoptantes nacionais como internacionais, un servizo público de seguimento post-adopción garante o acceso a este servizo nas catro provincias galegas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea propón a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a garantir o acceso ao servizo de seguimento post-adopción nas xefaturas territoriais da Consellería de Política Social para todas as familias galegas adoptantes internacionais.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 12/04/2018 20:02:38

Luis Villares Naveira na data 12/04/2018 20:02:45

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 16.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 29675(10/PNC-002368)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a actuación que se debe levar a cabo para recuperar os acordos de mellora das condicións laborais e salariais do persoal do Sergas suspendidos desde o ano 2010

Publicación da iniciativa, 296, 25.04.2018



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 13:02
Nº Rexistro: 29675
Data envío: 19/04/2018 13:02:21.898

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa á recuperación dos acordos de mellora de condicións de traballo e salariais do persoal do Sergas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sangrado do sistema sanitario público de Galiza é unha constante, é a folla de ruta do PP á fronte do Goberno galego.

Dentro deste sangrado os profesionais son dos principais damnificados por unha política de persoal que maltrata ao persoal fixo e que maltrata ao persoal contratado.

É precisa a reposición de todos os dereitos laborais, económicos e sociais que durante estes anos lle foron eliminados aos traballadores e traballadoras do sistema sanitario público de Galiza.

No ano 2010 o Goberno galego suspendeu os acordos retributivos asinados na mesa sectorial do Sergas, acordos retributivos 2008/12, que recollía incrementos salariais no complemento específico, polo que se retribúen as condicións específicas do posto de traballo atendendo á súa dificultade, responsabilidade, coñecemento, penosidade... percibe por este concepto unha cantidade inferior ao resto de persoal da Administración Autonómica. Atención continuada, retribúe a penosidade da prestación de servizo: nocturnidade, domingos, días feriados e gardas, a retribución do persoal do



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 13:02
Nº Rexistro: 29675

Data envío: 19/04/2018 13:02:21.898

Sergas por estes conceptos está a cola do resto de servizos de saúde. Acordo de Carreira profesional, suspendida desde o ano 2010. Acordo de equiparación salarial persoal de PACs, atención continuada.

É evidente que coa recuperación de dereitos que están a recuperar, de xeito parcial, que afectan ao conxunto das empregadas/os públicos, non queda saldada a débeda que a Xunta do PP ten c@s traballadores/as da sanidade.

Coa escusa da crise a Consellaría de Sanidade, dun xeito unilateral, deixou en suspenso a aplicación dos acordos asinados aos que se chegara en canto a melloras retributivas e nas condicións de traballo.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que de inmediato, se inicie na Mesa Sectorial do Sergas a negociación da recuperación dos acordos de mellora de condicións de traballo e salariais, conxelados desde o ano 2010.”

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 13:02
Nº Rexistro: 29675

Data envío: 19/04/2018 13:02:21.898

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 13:00:59

Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 13:01:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 13:01:05

Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 13:01:07

Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 13:01:08

Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 13:01:09

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 16.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 29909(10/PNC-002393)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención prestada ás persoas con infarto agudo de miocardio e, de xeito específico, na extinta área sanitaria do Salnés

Publicación da iniciativa, 299, 03.05.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2018 10:27
Nº Rexistro: 29909
Data envío: 24/04/2018 10:27:34.014



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O infarto agudo de miocardio é un dos problemas sanitarios máis sensibles á resposta rápida que se poida dar á persoa afectada. As enfermidades do sistema cardiovascular son a primeira causa sanitaria de falecemento en Galicia, e máis de 1 000 persoas morreron en Galicia por infarto agudo de miocardio no ano 2016 (Instituto Nacional de Estatística 2016).

A planificación da atención por infarto agudo de miocardio resulta esencial para as consecuencias, tanto en termos de mortalidade como de control das secuelas que poida deixar. Como todos os expertos apuntan, unha rápida atención é esencial para a recuperación e control de consecuencias. A planificación da atención ao infarto agudo de miocardio vén sendo sinalada como unha grande eiva da Consellería de Sanidade, pola discutida organización dos centros que son referencia para as persoas pacientes, así como pola non atención 24 horas nos centros hospitalarios de Ourense e Lugo, o que supón que existen horas do día en que a poboación que ten como referencia eses centros hospitalarios, deben ser desprazados a Coruña ou Vigo, respectivamente, en caso sufrir un infarto.

En resposta aos problemas sinalados, a Consellería de Sanidade comprometeu no ano 2015 a creación do rexistro galego de infarto agudo de miocardio (Regaliam), para poder comprobar os datos referidos á atención nestas situacións, e a posibilidade de mellorar esta planificación. O compromiso de facer públicos os datos cada 6 meses cumpriuse só na primeira ocasión, na que se puido comprobar como algún dos problemas sinalados amosaba que a atención aos infartos



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

debería darse 24 horas e non unicamente durante parte do día, pois as consecuencias eran gravosas para os pacientes derivados a outros centros máis afastados, como ocorría no caso de Lugo. A partir de aí, deixaron de publicarse os datos, a pesares de que dende a consellería se utilizan, en algunhas ocasións, o que evidencia que seguen a ser recollidos pero non poden ser consultados publicamente.

A pesares dalgunhas modificacións respecto da atención aos infartados noutras áreas sanitarias, non existiu ningunha modificación na planificación que afecta ás persoas pacientes da extinta área sanitaria de O Salnés, hoxe reducida a distrito sanitario, que seguen sendo enviados a Vigo cando, en boa parte dos casos, serían máis rapidamente atendidos no CHUS de Compostela, pola proximidade de dito centro.

En recentes datas, existen profesionais coñecedores a fondo do sistema sanitario de Galicia no referente á atención ás persoas infartadas, que reinciden na necesidade de mellorar estas cuestións, e poñen en dúbida a vontade de modificar e mellorar os aspectos relacionados coa planificación da atención ao infarto agudo de miocardio. Sinaladamente apuntaron á necesidade de que as e os doentes afectados en O Salnés sexan derivados a Santiago e non a Vigo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Publicar os datos do Regaliam dende o inicio da recollida, para poder ser accesibles de maneira aberta.
2. Realizar nun prazo de dous meses un informe específico sobre a atención ás persoas con infarto agudo de miocardio na extinta área sanitaria de O Salnés, hoxe reducida a distrito sanitario, e o seu traslado a outro centro hospitalario. Deste informe facilitarase unha copia aos grupos parlamentarios e aos concellos afectados.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2018 10:27
Nº Rexistro: 29909
Data envío: 24/04/2018 10:27:34.014



 Grupo Parlamentario

3. Dotar ao Hospital de O Salnés dunha ambulancia de soporte vital avanzado para mellorar as condicións de atención sanitaria ao conxunto da poboación, e en particular para as persoas afectadas por infarto agudo de miocardio.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 23 de abril de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 24/04/2018 10:20:55

Noela Blanco Rodríguez na data 24/04/2018 10:21:02

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/04/2018 10:21:06